

O dereito dos nenos para xogar, aprender e desenvolverse dispoñendo de espazos exteriores habitables, como recoñece UNICEF na Convención sobre os Dereitos do Neno (1990) en resposta ao crecente sedentarismo e illamento da infancia.

A urxencia de introducir e/ou recuperar a natureza nos lugares de xogo para a infancia e ao aire libre. Ademais de ser unha necesidade de xustiza social e ambiental, é unha vía para mitigar o cambio climático.

As posibilidades educativas destes os patios escolares máis aló das horas de recreo, para ser utilizados en diferentes situacións e actividades como escenarios de saúde, bienestar, convivencia e aprendizaxe vivencial.

A necesidade de que todos os espazos públicos e en especial os da infancia sexan inclusivos para dar resposta á enriquecedora diversidade de todas as persoas que viven e conviven neles, nun marco de equidade que promova a cohesión social.

PATIOS HABITABLES

Natureza, xogo e convivencia

O valor da participación das comunidades educativas nos procesos de transformación, que inclúe aos nenos e as nenas e implica o seu recoñecemento como axentes sociais válidos.

A necesidade de valorar e incrementar os lugares que contribúen ao ben común e os coidados e dotan de identidade a unha comunidade. Hai que coñecer e protexer o patrimonio construído e entender a cidade existente como un ben común.

A relevancia da colaboración e o compromiso para a mellora dos patios escolares entre as comunidades educativas e outros axentes como a administración e profesionais de diversas áreas: académicas, técnicas e empresariais.

A consideración do patio como un lugar dinamizador entre a escola e a súa contorna. O patio é un espazo que se adapta, á vez que cohesiona e corresponsabiliza aos seus habitantes coa contorna no que se atopa.